

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Decreto 252/2007, do 13 de decembro, polo que se establece a ordenación do control metrolóxico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros no decreto antes citado, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 6, do 9 de xaneiro de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

-Na páxina 438, no punto 1.1, onde di: «-Control metrolóxico na fase de instrumentos en servizo, en aplicación da verificación...», debe dicir: «-Control metrolóxico na fase de instrumentos en servizo, no que se refire á verificación...».

-Na páxina 439, no punto 4.1, onde di: «-Controlar que os instrumentos de medida..., se comercialicen ou se poñan en servizo segundo proceda.», debe dicir: «-Controlar que os instrumentos de medida..., non se comercialicen nin se poñan en servizo, segundo proceda».

-Na páxina 439, no punto 4.3, onde di: «As accións de vixilancia e inspección...», en virtude de acordos...», debe dicir: «As accións de vixilancia e inspección..., ou en virtude de acordos...»

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 1 de febreiro de 2008 pola que se modifica a do 13 de novembro de 2006, pola que se crea o directorio de axentes colaboradores en materia de rehabilitación.

A Orde do 13 de novembro de 2006, publicada no DOG nº 227, do 24 de novembro, creou o directorio de axentes colaboradores en materia de rehabilitación. Este estrutúrase en catro seccións, sendo a cuarta a de técnicos, que pola súa vez se subdivide en dúas subseccións:

1. Técnicos de grao superior.
2. Técnicos de grao medio.

Tendo en conta a proposta do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da provincia de Pontevedra procede modificar a denominación das dúas subseccións da sección cuarta de técnicos.

En virtude do exposto

DISPOÑO:

Modificar a Orde do 13 de novembro de 2006 pola que se crea o directorio de axentes colaboradores en materia de rehabilitación no que se refire á denominación das dúas subseccións en que se divide a sec-

ción cuarta do directorio, a de técnicos, que quedará subdividida en:

1. Arquitectos ou enxeñeiros.
2. Aparelladores, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2008.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Decreto 21/2008, do 21 de febreiro, polo que se nomea director do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral a Miguel José Martínez Losada.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro de Traballo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e un de febreiro de dous mil oito,

Nomeo director do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral a Miguel José Martínez Losada.

Santiago de Compostela, vinte e un de febreiro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 4 de febreiro de 2008 pola que se regulan as axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, fóronlle atribuídas competencias neste